



FERRAMENTAS TRADICIONAIS AGRÍCOLAS

As ferramentas tradicionais autóctonas eran **forxadas por ferreiros locais**. Hoxe están a desaparecer, trocadas polas que se adquiren nas ferreterías, estandarizadas e case sempre fabricadas fóra da nosa Terra.

Estes trebellos eran **sinxelos** e foron sufrindo pequenas adaptacións o longo da historia, aínda que cada vez son máis escasos en algunhas casas de vello aínda poden atoparse nas palleiras ferramentas moi antigas, agora xa fora de uso.

A maioría podían denominarse con **diferentes nomes** segundo o lugar xeográfico.



Angacín (meda)

Pequena ferramenta con dous dentes que se emprega para turrar e sacala herba do terrón, para traballar nas hortas, picalo cebolo, etc.


Os dentes miden uns 7cm.



Angazo de dous dentes

(Escavón de dous dentes, escavois, gadaño)

Os seus usos son varios: quebrarlle a terra as patacas para que nazan mellor, sachalas, facela escava da viñas, etc. O longo dos dentes anda entre os 30 e 40 cms.



Angazo

(Escavón de cresta de dous dentes)

Os mesmos usos co anterior, unicamente que por encima do "ollo" leva unha especie de punta para romper con ela os terróns.



Angazo antigo




Angazo moderno

Angazo de tres dentes

(Escavón de tres dentes)

Conta con tres dentes. Os usos son os mesmos co resto de angazos pero se empregaban moito para traballar leiras moi costas. Os antigos levan o mango embutido, mentres que os máis modernos xa teñen "ollo" para metelo.



Aixada

 (Axada)

Unha das ferramentas máis antigas. Empregábase para cavar as searas e botalo centeo e, en xeral, onde fose malo de traballar. A súa longa folla adáptase ben a calquera terreo, anque sexa terra moi dura. Hoxe en día non se usa.

Pode ser de dous tipos segundo o fío, de "boca directa", para cavar no monte, e de "boca de cadela" co fío torto, cóncavo, mais ben para cortalas silvas.



LEMBRANZAS CO

Mestre
JUAN

FERRAMENTAS TRADICIONAIS AGRÍCOLAS

Axado de cresta (axadón, peta dos garrochos)

A folla cortante é semellante á da aixada, aínda que algo máis estreita. No outro extremo ten unha folla máis pequena, co fío no sentido contrario da primeira, que fai de machada. Con el arríncase os cepos, garrochos ou carochos das uces, que se queiman na lareira e cos que antes tamén se facía o carbón. O mango case sempre se facía de carballo.




Axadón (picachón)

Da mesma forma que o axado de cresta, a non ser que a folla pequena en vez de ter fío remata en punta. O se uso límitase a obras, arrincar lousa, etc.




Chapo (chapín)



Con el "apícaselle" a terra ós "fréjoles" que están sementados entre o millo, achéganselle ó cebolo, etc. Eu unha ferramenta de introdución recente, traída coa repoboación forestal a finais da década dos anos cincuenta.


Sacho (picaxo)



Pequena ferramenta con folla triangular, duns 20 cm de lado ou menos, de uso moi limitado. Só se emprega para traballos miúdos. O mango pode ser de freixo ou abraira, de pouco máis dun metro de longo.

Rodín

Da mesma forma que o rodo pero máis pequeno. Úsase para traballos pequenos nos que non cómpre afondar. O mango polo xeral é de abraira.



Rodo

Semellantes ó rodín pero máis grande. Empregábase para traballar nos prados, facer presas, etc. O fío soe tirar a redondeado pero tamén os hai rectos. O mango máis corrente é o de abraira.



Sacacardos

Por unha parte ten folla triangular e pola outra unha máis pequena rematada en dúas puntas. Moi axeitado para arrincar os cardos, tamén serve para outros labores. Deixouse de usar.

